

**NÚMERO 5/18**  
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE ABRIL DE 2018.**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas e dous minutos do día vinte e seis de abril de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelo, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Incorporáronse ao acto con atraso os concelleiros D. José Emilio Gómez López e D. Ramón Rodríguez Ares, no momento que se indicará.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 4/2018, de 4 de abril de 2018.-

**2º.- Aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2018.-**

O sr. Alcalde dá conta do ditame favorable da Comisión Xeral ao proxecto de Presuposto municipal para 2018, acomodado na súa estrutura á normativa da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, e adaptado no seu desenvolvemento ás prescricións do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título VI da Lei de Facendas Locais, e que contén os documentos que preceptúa o artigo 168 do citado texto refundido.-

- Incorporáronse á sesión os concelleiros D. José Emilio Gómez López e D. Ramón Rodríguez Ares, ás vinte horas e cinco minutos.-

A Alcaldía expón o proxecto de Presuposto explicando os seus aspectos mais destacables, como o aumento substancial dos ingresos, o incremento do gasto social, en especial da consignación para o Servizo de Axuda no Fogar, as previsións de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación municipal a través dos Plans Especiais de Veigue e Carnoedo e o desenvolvemento do Plan Especial de As Brañas, a novidade que supón a partida para o transporte interparroquial, diversos investimentos que menciona, etc. O sr. Alcalde pide a aprobación do proxecto en beneficio do pobo de Sada, evitando así a prórroga dun presuposto de 11 millóns.-

Interven a sra. Reimúndez polo grupo BNG, a sra. Bolaño polo grupo PSOE e o sr. Montouto polo grupo Sadamaioría, expoñendo os aspectos que consideran máis destacables das súas respectivas áreas así como as negociacións e o acordo acadado entre os tres grupos para a confección deste orzamento.-

O sr. López Mallo considera que o aumento de gasto corrente pode hipotecar ao concello e diminuír a súa capacidade de aforro; critica diversos aspectos do Presuposto, dicindo, entre outras consideracións, que o capítulo de investimentos é o mais pequeno desde 2014, crece notablemente a partida de festas, cando antes os mesmos criticaban desde a oposición subidas moito menores; a obra de Sada e os seus Contornos debe facerse conforme ao PXOM; non hai previsión para a cubrición das pistas polideportivas nas parroquias, bota en falta un plan de produtividade e gratificacións do persoal. Anuncia o voto en contra do seu grupo.-

O sr. Alcalde di que en efecto sube o gasto corrente, mais da metade desa suba corresponde ao Servizo de Axuda no Fogar; a limpeza viaria, a xardinería, etc, todos eses servizos son gasto corrente, que en todo caso increméntase menos que os ingresos, polo que non hai ese risco de insostibilidade do que falou o sr. López; fai diversas consideracións sobre a intervención do sr. López.-

O sr. Suárez considera que estes son os mellores presupostos que se podería traer, explica cuestións mencionadas polo sr. López Mallo en relacións coas pistas polideportivas e di que se sacara adiante o transporte metropolitano.-

A sra. Pardo fala do incremento do mobiliario de praias e a substitución do deteriorado e informa sobre os programas aos que vai destinado o incremento da partida de festas, explicando que non se trata só das Festas patronais de agosto, senón doutras moitas actividades que menciona e que considera que son manifestacións da cultura do pobo.-

A sra. Bolaño di que é gasto corrente por exemplo a luz, tanto das instalacións e alumado municipais como das familias atendidas polos Servizos Sociais, enerxía cuxa subida se debe ao Goberno do Estado; destaca a partida de Acción Social, consignada por acordo cos sindicatos; fala da obra do centro Sada e os seus Contornos, en relación coa cal a prioridade é a cubrición, sen renunciar á ampliación.-

O sr. Montouto fai mención á falta de investimentos do Estado en Sada e critica que o PP non queira nin sequer negociar en relación co transporte metropolitano; as previsións do PXOM sobre a ampliación do colexio Sada e os seus Contornos, que o goberno municipal vai levar adiante, nada ten que ver coa necesidade inmediata, que sinalou a sra. Bolaño, de cubrición do patio do centro.-

O sr. Anido manifesta que o seu grupo esta en contra deste Presuposto, di que o seu grupo reduxo o gasto de persoal, do cal síntese orgulloso; ante o incremento do gasto corrente neste presuposto pregúntase onde están os beneficios disto para os veciños e considera que hai unha caída dos investimentos; di que se van facer cousas que o PP propuxo a través de mocións e considera que o Presuposto non está feito pensando en Sada senón nos intereses do goberno municipal.-

O sr. Interventor advirte de que se procederá a corrección dos erros materiais que menciona, nos casos en que figura na documentación 2017 en vez de 2018.-

O sr. Alcalde somete a votación o ditame, resultando adoptado por maioría, con dez votos a favor e sete en contra, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio de 2018, o importe do cal queda fixado, en gastos, na cifra de 12.755.418.- euros (doce millóns setecentos cincuenta e cinco mil catrocentos dezaoto euros), e, en ingresos, na cifra de 12.755.418.- euros (doce millóns setecentos cincuenta e cinco mil catrocentos dezaoto euros), polo que aquel se presenta en equilibrio, e asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

GASTOS		INGRESOS	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1. Gastos de persoal	3.685.823,50 €	1. Impostos directos	4.295.000,00 €
2. Gastos en bens correntes e servizos	8.186.829,50 €	2. Impostos indirectos	90.000,00 €
3. Gastos financeiros	0,00 €	3. Taxas e outros ingresos	3.799.890,00 €
4. Transfer. Correntes	528.020,00 €	4. Transf. correntes	4.275.223,00 €
5. Fondo de Continxencia	0,00 €	5. Ingresos patrimoniais	236.905,00 €
6. Investimentos reais	339.745,00 €	6. Alleamento investim. reais	50.400,00 €
7. Transfer. de capital	0,00 €	7. Transf. de capital	0,00 €
8. Activos financeiros	15.000,00 €	8. Activos financeiros	8.000,00 €
9. Pasivos financeiros	0,00 €	9. Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL	12.755.418,00 €	TOTAL	12.755.418,00 €

2º.-Aprobar as Bases de Execución do citado Orzamento.-

3º.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello para 2018 que se contén na documentación do Orzamento, dándolle a tramitación establecida nas disposicións vixentes.-

4º.- Expoñer ao público o Orzamento por prazo de quince días hábiles, para presentación de reclamacións conforme ao disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, considerándoo definitivamente aprobado de non se presentar reclamacións no período de exposición pública, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, así como a remisión de copia del á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido de disposición legais vixentes en materia de réxime local, e 169.3 e 4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.-

#### Control de Órganos de Goberno:

##### 3º.- Informes e comunicacións.-

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 28-3-2018 a 20-4-2018.-

- Sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos abandona a sesión o sr. Rodríguez Ares.-

##### 4º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

##### 4.1º.- Moción do grupo BNG de apoio ás reclamacións do sector do cerco.-

O sr. Suárez xustifica a urxencia da moción na política pesqueira que, segundo afirma, segue o Partido Popular a nivel comunitario, estatal e de Galicia en prexuízo dos pescadores galegos, da que é

unha mostra o novo reparto de cotas no que se lle volve a dar un novo golpe case mortal ao sector do cerco, tan importante para Sada, para Galicia e para o conxunto da UE.-

Efectuada votación, resulta aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, pasando o sr. Suárez á súa exposición baseándose en datos do plan de xestión acordado por España e Portugal que estará en vigor a partir do 1-5-2018 e indicando que Galicia terá a menor cota de captura de sardiña en toda a súa historia.-

A sra. Bolaño polo grupo PSOE, manifesta que seu voto será a favor, destacando a importancia para Sada da flota do cerco.-

A sra. García, do grupo PP, comenta que o citado plan de xestión foi adoptado por España e Portugal (co visto bo da Unión europea) como consecuencia do estado do stock da sardiña, que segundo os científicos non é bo, e para evitar a imposición dun Total Admisible das Capturas que podería ser máis restritivo. Continúa a súa argumentación comentando os puntos da moción e finalmente indica que o seu grupo está a favor de todos eles excepto do terceiro, referente a reivindicar o exercicio pleno das competencias autonómicas sobre augas galegas, que propoñen retirar da moción.-

Vótase a emenda proposta polo grupo PP, quedando rexeitada por sete votos a favor e nove en contra.-

Acto seguido vótase a moción, que resulta aprobada por maioría, con nove votos a favor e sete en contra, quedando adoptado en consecuencia o seguinte acordo:

O Concello de Sada comprométese a:

1º.- Manifestar o apoio deste concello a frota do cerco e de artes menores que reclaman un reparto xusto das cotas da xarda e do xurelo.-

2º.- Reclamar o cambio profundo da Política Común de Pesca da UE, e a derogación do Principio de Estabilidade Relativa, que consagra a discriminación estrutural da frota pesqueira galega.-

3º.- Reivindicar o exercicio pleno das competencias galegas sobre as nosas augas, eliminando as cotas de pesca fixadas desde Bruxelas no noso propio litoral.-

4º.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno español, aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados, e deputadas e deputados galegos no Parlamento europeo.-

#### **4.2º.- Moción do grupo BNG referente á endometriose.-**

A sra. Reimúndez xustifica a urxencia da moción baseándose no feito de que 60.000 galegas padecen esta enfermidade que afecta a unha de cada dez mulleres, sendo unha enfermidade descoñecida e existindo falta de medios públicos para o seu tratamento, de forma que non se están a cubrir as necesidades reais das mulleres.-

Apróbase a declaración de urxencia da moción por nove votos a favor e sete en contra, e a sra. Reimúndez procede á súa exposición falando das características da endometriose, que ás veces chega a incapacitar a persoas moi novas, mulleres en idade laboral. Di que en 2015 varias asociacións trasladaron aos grupos con representación no Parlamento galego unha iniciativa demandando medidas para abordar a enfermidade e para dala a coñecer, sendo aprobada unha proposición non de lei ao respecto, pero tres anos despois os avances na posta en marcha destas medidas son moi escasos.-

Os grupos PDSP, PSOE e Sadamaioría maniféstanse a favor da moción. Polo grupo PP a sra. Pose di que van votar en contra da moción porque xa hai puntos de atención específicos para esta enfermidade, segundo os datos que expón, e polo tanto non van a pedir o que xa se está a facer. Manifesta a súa solidariedade e apoio as mulleres que están nesta situación, pero considera que a creación de unidades médicas específicas é a mellor forma de afrontar esta doenza.-

- Sendo as 22:13 horas, sae da sala de sesións o sr. Tenreiro.-

O sr. Alcalde somete o asunto a votación, resultando adoptado por maioría, con oito votos a favor e sete en contra, o seguinte acordo:

1º.- O Concello de Sada insta ao goberno da Xunta e ao SERGAS a que se leven a cabo todas as actuacións referidas á endometriose, aprobadas por unanimidade, na comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego na súa sesión do 22 de abril de 2015.-

2º.- O Concello de Sada manifesta a súa solidariedade e apoio ás persoas que padecen esta enfermidade e de modo particular á veciña de Sada Andrea González que está a realizar un importante traballo de difusión e procura de apoios para que esta doenza teña un mellor diagnóstico e prognóstico.-

- Ás 22:15 horas reincorpórase á sesión o sr. Tenreiro.-

#### **4.3º.- Moción do grupo BNG sobre recuperación dos dereitos e do emprego na Administración de Xustiza.-**

O sr. Suárez defende a urxencia da moción polo “ninguneo” a que está a someter, de xeito reiterado, a Xunta de Galicia ao persoal funcionario da Administración de Xustiza e o prexuízo que se lle causa ao conxunto da cidadanía pola falta de vontade de solución.-

Efectuada votación, resulta aprobada por maioría, con nove votos a favor e sete en contra, a declaración de urxencia da moción, pasando o sr. Suárez a ler o acordo proposto, cunha emenda ao punto dous do mesmo.-

Os voceiros dos grupos PSOE e Sadamaioría maniféstanse a favor da moción.-

A sra. Salorio polo grupo Popular fai referencia a un principio de acordo acadado este mesmo día entre a Xunta e catro dos sete sindicatos que representan aos traballadores da Xustiza en Galicia para poñer fin á folga. Defende a intención da Xunta de Galicia de poñer aos funcionarios de Xustiza galegos na media retributiva das demais comunidades autónomas. Di que o seu grupo non apoia a moción porque non lles compete e considera que o Concello de Sada non ten nada que dicir nese conflito.-

O sr. Suárez considera que a cuestión si compete ao concello porque todos somos administrados xudiciais, todos vense prexudicados pola falta de vontade de diálogo do PP.-

O sr. Gómez do PDSP considera que os funcionarios de Xustiza están en folga porque perderon poder adquisitivo debido aos recortes que fixo a Xunta.-

Sometida a votación a emenda á moción proposta polo sr. Suárez, resulta aprobada a mesma por maioría, con nove votos a favor e sete en contra, polo que queda adoptado o seguinte acordo:

O Concello de Sada comprométese a:

Instar á Xunta de Galiza a que acade o acordo que dea solución ao conflito respectando as propostas das traballadoras e traballadores da Administración de Xustiza.-

#### **4.4º.- Moción do grupo PP para o acondicionamento da contorna da rotonda de Casteliño.-**

O sr. Anido defende a urxencia da moción indicando que considera que a actuación que propoñen na rotonda é economicamente soportable para as arcas municipais e melloraría moito a benvida do concello xa que está practicamente no límite do mesmo.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con sete votos a favor e nove votos en contra.-

#### **5º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Tellado roga que se lle facilite o acceso a uns escritos en relación cunha solicitude a Augas de Galicia sobre riscos de inundacións no municipio e con outra á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre a solicitude de declaración de ENIL das Brañas, porque o sr. Becerra deulle unha memoria que el non pedira. O sr. Becerra contesta con relación ao ENIL sobre o estado de dita tramitación, pendente dos informes solicitados pola Xunta a outras Administracións, e di que ten a documentación á súa disposición.-

A sra. García Freire pregunta se non se puideron adoptar con anterioridade medidas que evitasen cortar unha árbore senlleira que había no paseo marítimo, cando o ano pasado lles indicaron o seu estado. O Presidente explica que a decisión de talar dita árbore foi triste pero necesaria, pois os técnicos desaconsellaron outras solucións coma a de cinchalo, dado o seu tamaño e estado, e non foi posible evitar cortala por razóns de seguridade, tratábase dunha árbore dunha especie común pero moi ben situada pola súa capacidade de adaptación a ese ambiente, pero a mesma xa estaba en moi mal estado cando o temporal Klaus.-

O sr. Anido fai os seguintes rogos e pregunta:

1) Roga que se silencien os teléfonos dos membros da Corporación.-

2) Roga que se lles facilite o acceso aos expedientes aos que solicitan acceder, e quéixase da negativa de acceso a un expediente sobre responsabilidade patrimonial a unha concelleira do seu grupo. O Presidente explica que a dita negativa foi por indicación técnica, baseada na obriga de protección dos datos persoais, concretamente sanitarios, contidos no devandito expediente.-

3) Pregunta se ten licenza municipal o pechamento cunha cerca dunha parte importante do porto que entende que evita o proxecto presentado polo seu grupo de establecer unha senda do litoral.-

O sr. Montouto di que se lle contestará oportunamente.-

O sr. López pregunta con relación á Biblioteca que para cando vai ser a adaptación do sistema de xestión. A sra. Pardo contesta que estaba prevista para principios deste ano, pero debido á vacante sobrevida na praza de Bibliotecario non puido aínda levarse a efecto e non pode concretar unha data á espera do que ao respecto determine a Xunta.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e tres horas e do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-